




# REGO DE XABREGA


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 4 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas



Unha pequena ruta pola beira do río Xabrega en Anllo (Sober) que combina natureza e etnografía.

O río Xabrega ou rego de Camilo, ten un curto percorrido duns 5 km con gran desnivel e cae no Sil por unha parede rochosa na que forma unha ferverza de gran altura interrompida pola estrada de acceso a embarcadoiro dos Chancís. O seu curso foi aproveitado para mover numerosos muíños e dous batáns. Algúns dos muíños eran de roda vertical (bruia). Están parcialmente restaurados.

Ao remate do camiño podemos gozar de espectaculares vistas do Canón do Sil ou completar a ruta camiñando por entre as viñas e eachegarnos a un miradoiro.

## COMO CHEGAR

De Sober cóllese a estrada que vai a embarcadoiro dos Chancís. Despois de pasar A Boca comeza a ruta dos muíños, á dereita da estrada. No remate atópase a ferverza. A volta pódese facer pola estrada.

